Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO 2005 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Seres míticos

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Fonte da Cornella

Paosu, xa hai ben anos, na Fonte da Cornella, en Penas Agudas, parroquia de Monte, Xove (Lugo). Unha nena viña de alindar as ovellas e viu tres mulleres con longas cabeleiras que estaban a coser. Era un encanto.

A nena quedou apampada mirando para as tres mulleres ata que unha lle falou:

¿Que miras, nena? ¿Que é o que che gusta?

E respondeu a nena:

¡As tesoiras!

Entón, a malvada da muller que lle falara, botoulle unha maldición:

¡Pois con elas che corten os ollos!

Non hai noticia do que pasou despois, aínda que se pode supoñer.

BIBLIOGRAFÍA

Fonte:

COLEXIO PÚBLICO DE XOVE, A fonte da vida longa, concello de Xove, 1989, p. 41.